



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado de la **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula la siguiente **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita en relación con el megaproyecto eólico que promueve Driza en Galicia.**

La empresa Driza Green Partners está tramitando un megaproyecto eólico en Galicia, compuesto por cinco grandes parques eólicos, 73 aerogeneradores en total y 290 MW de potencia instalada, que afectará a 19 términos municipales de Galicia, teniendo en cuenta también las infraestructuras de evacuación energética, en concreto, San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia y Castrelo de Miño, Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda y Rodeiro, Chantada y Carballedo.

En estos momentos se está tramitando la Autorización Administrativa Previa y el Estudio de Impacto Ambiental de los cinco proyectos, documentos que deberán someterse a un trámite de información pública ya que, si bien se trata de un único gran proyecto, se van a tramitar por separado, al igual que los impactos, que también se evaluarán de forma individual y no conjunta.

Se trata de los proyectos del Parque Eólico de Agratrina, de 56,24 MW, en los términos municipales de San Cristovo de Cea, Rodeiro, Chantada y Carballedo; el Parque Eólico de Agromaces, de 60,67 MW que afectará a Chantada, Carballedo y San Cristovo de Cea; el Parque Eólico de Sistesas, de 55,92 MW, en Forcarei, Cerdedo-Cotobade y Beariz; el Parque Eólico de Ventoburgo, de 59,85 MW, en Forcarei, Cerdedo-Cotobade y A Estrada; y, por último, el Parque Eólico de Xestiloi, de 58,31 MW, en Silleda y Forcarei.

La tramitación de estos proyectos supone un nuevo ataque en forma de expolio y depredación de los recursos naturales de Galicia, admitiéndose a trámite por parte del Gobierno del Estado un macroproyecto en forma separada pero que se solapa, que comparte infraestructuras, pero cuyo fuerte impacto sobre las zonas habitadas, actividades económicas, suelo, paisaje, recursos hídricos y biodiversidad, no son evaluados en toda su extensión.



Es evidente que esta división o fragmentación es intencionada y pretende ocultar la interdependencia entre los parques, además de ignorar u omitir en el estudio la presencia del resto de los parques, de tal manera que, aunque en la práctica todos funcionarían como un solo megaparque, se solicitan autorizaciones de forma individual, presentándose como proyectos separados cuando no lo son, como una maniobra para evitar una evaluación ambiental de conjunto, que ciertamente sería negativa.

Esta fragmentación es claramente fraudulenta, ya que supone la presentación de un Estudio de Impacto Ambiental individual para cada uno para impedir una evaluación global de todo el proyecto y de las garantías que deben exigírsele. Así lo reconocen diferentes sentencias como la del TSJ de Galicia, que entiende que «la figura del parque eólico debe contemplarse necesariamente desde una perspectiva unitaria, pues de lo contrario se desvirtuaría la naturaleza y función de este tipo de instalaciones».

La obsolescencia de la planificación del sector eólico, la falta de planificación y ordenación territorial, la aprobación de numerosos cambios legales que favorecen a los promotores energéticos y la falta de protección del medio natural crean un clima favorable a la proliferación de proyectos de industrialización abusiva del territorio. El territorio y los recursos naturales se ponen al servicio de las empresas energéticas, tanto de las grandes empresas tradicionales como las de nueva creación con un fuerte componente especulativo.

Asimismo, debe tenerse en cuenta la fragilidad de las medidas de protección de los recursos hídricos y de la biodiversidad, derivada de la paralización de la debida expansión de la Red Natura 2000, la falta de garantías jurídicas para las áreas bien conservadas en estudio y para los humedales, o la falta de desarrollo de los instrumentos y medidas previstos en la Estrategia de Infraestructura Verde y de Conectividad y Restauración Ecológica.

Por tanto, y aunque el Ministerio debe actuar sobre las peticiones recibidas, no puede permanecer impasible y, amparándose en la vía administrativa, permanecer impasible ante un nuevo intento de arrasar con la riqueza material y medioambiental de las comarcas afectadas, ya sujetas a la tramitación de numerosos proyectos energéticos y en algunos casos afectadas también por grandes proyectos mineros.



Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Está de acuerdo el Ministerio en considerar que los cinco proyectos promovidos por la empresa Driza Green Partners, que suponen la instalación de 73 aerogeneradores con un total de 290 MW de potencia, que afectarán a 19 municipios de Galicia, incluyendo las infraestructuras asociadas y de evacuación, constituyen un único megaproyecto que debe evaluarse de forma conjunta?
2. ¿No comparte que la evaluación separada no permitirá determinar de manera justa el impacto sobre los territorios, los usos residenciales, las actividades económicas, la biodiversidad y los recursos hídricos?
3. ¿La evaluación ambiental tomará en consideración todos los parques planificados en ese mismo territorio, así como los existentes y los proyectos de explotación minera que se están planificando?
4. ¿El Gobierno denegará la autorización y emitirá una declaración de impacto ambiental desfavorable para este macroproyecto eólico que, de concretarse, provocará un enorme e irreparable impacto ambiental?
5. ¿El Gobierno, ante la proliferación de megaproyectos eólicos como el que nos ocupa, valora revisar la legislación vigente en la materia y modificar la normativa para garantizar el respeto y la protección del medio natural y de los intereses sociales, económicos y patrimoniales?
6. ¿Teniendo en cuenta que Galicia ya ha superado el objetivo establecido por la Unión Europea para el año 2030 de producción eléctrica a partir de fuentes renovables, está de acuerdo el Gobierno con que se permita una sobreexplotación de los recursos energéticos del territorio?
7. ¿Está de acuerdo el Gobierno en que es necesario impulsar la planificación eólica basada en criterios de proporcionalidad, racionalidad, equilibrio y rentabilidad social?
8. ¿Paralizará el Gobierno todos los proyectos eólicos actualmente en tramitación para, en colaboración con la Xunta de Galicia y respetando sus propias competencias en esta materia, realizar una evaluación conjunta del desarrollo eólico para una



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



planificación adecuada y coordinada?

Madrid, a 6 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUN. 2025 13:11:08

Entrada **71591**

Sobre o megaproxecto eólico presentado pola compañía Driza e que afecta a 19 concellos da Galiza

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao megaproxecto eólico promovido por Driza na Galiza.**

A empresa Driza Green Partners está a tramitar na Galiza un megaproxecto eólico, integrado por cinco grandes parques eólicos, 73 aeroxeradores en total e 290 MW de potencia instalada, que afectará a 19 concellos na Galiza, tendo en conta tamén as infraestruturas de evacuación da enerxía, en concreto a San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño, Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda e Rodeiro, Chantada e Carballedo.

Neste momento está a ser tramitada a Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental, dos cinco proxectos, documentos que deberán ser sometidos a un procedemento de información pública mais que, pese a ser un único grande proxecto, tramítase separadamente e tamén se avalían os impactos de forma individual e non conxunta.

Trátase dos proxectos do Parque Eólico Agratrina, de 56,24 MW, nos concellos de San Cristovo de Cea, Rodeiro, Chantada e Carballedo; do Parque Eólico Agromaces, de 60,67 MW que afectará a Chantada, Carballedo e San Cristovo de Cea; do Parque Eólico Sistesas, de 55,92 MW, en Forcarei, Cerdedo-Cotobade e Beariz; o Parque Eólico Ventoburgo, de 59,85 MW, en Forcarei, Cerdedo-Cotobade e A Estrada; e, finalmente o Parque Eólico Xestiloi, de 58,31 MW, Silleda e Forcarei.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUN. 2025 13:11:08

Entrada **71591**



A tramitación destes proxectos implica un novo ataque de espolio e depredación dos recursos naturais da Galiza, admitíndose a trámite por parte do Goberno do Estado dun macroproxecto de forma separada pero que se solapan, que partillan infraestruturas, mais que o seu forte impacto nas zonas habitadas, en actividades económicas, no solo, na paisaxe, nos recursos hídricos e na biodiversidade, non son avaliados en toda a súa extensión.

É evidente que esta división ou fragmentación é intencionada e que pretende ocultar a interdependencia entre os parques, ademais de ignorar ou omitir no estudo a presenza do resto de parques, así, aínda que na práctica todos eles funcionarían como un único mega parque, solicitan as autorizacións individualmente, presentándoos como proxectos separados cando non o son, como manobra para evitar unha valoración ambiental de conxunto, que de seguro sería negativa.

Esta fragmentación é claramente fraudulenta, pois supón a presentación dun Estudo de Impacto Ambiental individual en cada un para impedir unha avaliación global do conxunto do proxecto e das garantías que han de esixírselle. Así o recoñecen distintas sentenzas como a do TSX de Galiza que entende que “a figura do parque eólico debe ser necesariamente contemplada desde unha perspectiva unitaria, pois noutro caso quedaría desvirtuada a natureza e función deste tipo de instalacións”.

A obsolescencia da planificación sectorial eólica, a falta de planificación e ordenación territorial, a aprobación de numerosos cambios legais que favorecen aos promotores enerxéticos, a desprotección do medio natural crean o clima propicio para a proliferación de proxectos de industrialización abusiva do territorio. Ponse o territorio e os recursos naturais ao servizo das enerxéticas, tanto das grandes empresas tradicionais como de compañías de nova creación cunha forte compoñente especulativa.

Así mesmo, debe terse en consideración a fragilidade das medidas de protección dos recursos hídricos e da biodiversidade, resultado da paralización da debida ampliación da Rede Natura 2000, a falta de garantías legais para as zonas ben conservadas en estudo e para as zonas húmidas, ou a falta de desenvolvemento



dos instrumentos e das medidas previstas na *Estratexia de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxicas*.

Por tanto, e aínda que o Ministerio deba dar curso ás solicitudes recibidas, non pode quedar impasíbel e, amparándose no procedemento administrativo, ficar impasíbel diante dun novo intento de arrasar coa riqueza material e ambiental das comarcas afectadas, xa sometidas á tramitación de numerosos proxectos enerxéticos e nalgúns casos tamén afectadas por grandes proxectos de explotación mineira.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Coincide o Ministerio en considerar que os cinco proxectos promovidos pola empresa Driza Green Partners, que implican a instalación de 73 aeroxeradores cun total de 290 MW de potencia, que afectarán a 19 concellos da Galiza incluíndo as infraestruturas anexas e de evacuación constitúen un único megaproxecto que deba ser avaliado de forma conxunta?
2. Non comparte que a avaliación separada non permitirá determinar de forma xusta o impacto no territorios, nos usos residenciais, nas actividades económicas, na biodiversidade e nos recursos hídricos?
3. Terá en consideración na avaliación ambiental o conxunto dos parques previstos nese mesmo territorio así como os xa existentes e os proxectos de explotación mineira en planificación?
4. Denegará o Goberno a autorización e dará unha declaración de impacto ambiental desfavorábel deste macroproxecto eólico que, de seguir adiante, causará un enorme e irreparábel impacto ambiental?



5. Valora o Goberno, vista a proliferación de megaproxectos eólicos como o que nos ocupa, revisar a lexislación vixente na materia e modificar a normativa para asegurar o respecto e protección do medio natural e dos intereses sociais, económicos e patrimoniais?
6. Atendendo ao dato de que a Galiza xa superou o obxectivo establecido pola Unión Europea para o ano 2030 de produción eléctrica proveniente de fontes renovábeis, comparte o Goberno que se está a permitir unha sobreexplotación dos recursos enerxéticos do territorio?
7. Comparte o Goberno que é preciso promover unha planificación eólica asentada en criterios de proporcionalidade, racionalidade e equilibrio e retorno social?
8. Paralizará o Goberno todos os proxectos eólicos en tramitación actualmente para, en colaboración coa Xunta de Galiza e respectando as súas competencias propias nesta materia, realizar unha valoración conxunta do desenvolvemento eólico para unha planificación adecuada e coordinada do mesmo?

Madrid, a 6 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso